

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Normalización Lingüística

*Bases reguladoras específicas do Certame Literario Carmela Loureiro*

##### ANUNCIO

O Pleno do Concello de Ferrol aprobou con data 7 de febreiro de 2022 as Bases reguladoras específicas do Certame Literario Carmela Loureiro, que se transcriben de seguido:

#### Bases reguladoras específicas do Certame Literario Carmela Loureiro

##### Base 1.-Liñas xerais

O Concello de Ferrol ten entre as súas prioridades a realización de actividades de dinamización lingüística axustadas ó recollido no Plan de normalización lingüística, aprobado no seu día polo Concello Pleno, dirixidas especialmente ó sector da mocidade e o ensino, co obxectivo de potenciar un maior uso do galego entre a mocidade, a través da creación de novos ámbitos de uso do galego. Unha delas é o desenvolvemento dun certame literario co nome Certame Literario Carmela Loureiro, en homenaxe a unha muller, profesora na comarca de Ferrolterra, que foi presidenta durante anos da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra (CENL), cuxa traxectoria persoal e profesional foi un exemplo de labor anónimo e xeneroso de moitos profesionais do ensino na difusión da cultura e do idioma entre a mocidade.

##### Base 2.-Réxime xurídico

O marco normativo destas bases estará constituído polas disposicións legais que se nomean a continuación, así como polas súas normas de desenvolvemento e cantas outras normas legais ou regulamentarias conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, xunto co R.d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP da Coruña n.º 200, de data 21/10/2019).
- Bases de execución do orzamento municipal en vigor.

##### Base 3.-Obxecto

A través destas bases o Concello de Ferrol establece as normas específicas para regular a participación no concurso do certame literario e o acceso ós premios do alumnado dos centros de ensino non universitario do Concello de Ferrol e daqueles centros da comarca que forman parte da CENL, sempre que estean matriculados nalgún dos cursos correspondentes ás distintas categorías establecidas neste certame.

##### Base 4.-Modalidades e requisitos

O certame presenta tres modalidades:

- Modalidade de microrrelatos
- Modalidade de micropoesía

- Modalidade de microteatro

#### 4.1.-Modalidade de microrrelatos

Nesta modalidade establécense catro categorías:

- Categoría A: 5.º e 6.º de Educación primaria.
- Categoría B: 1.º e 2.º de ESO.
- Categoría C: 3.º e 4.º de ESO.
- Categoría D: Bachalerato e ciclos formativos.

Os/as participantes nesta modalidade deberán elaborar un texto narrativo que non poderá exceder as 150 palabras e que terá que comezar polo texto que se indique na respectiva convocatoria.

O microrrelato deberá presentarse cun título.

#### 4.2.-Modalidade de micropoesía

Nesta modalidade establécense catro categorías:

- Categoría A: 5.º e 6.º de Educación Primaria.
- Categoría B: 1.º e 2.º de ESO.
- Categoría C: 3.º e 4.º de ESO.
- Categoría D: Bachalerato e ciclos formativos.

As persoas participantes deberán elaborar un texto poético que non poderá exceder de seis versos.

#### 4.3.-Modalidade de microteatro

Nesta modalidade establécense unha categoría:

- Categoría D: Bachalerato e ciclos formativos.

As persoas participantes deberán elaborar un texto teatral que non poderá exceder as 600 palabras (incluídos os nomes das personaxes e as anotacións). O texto do microteatro deberá presentarse cun título.

Nesta modalidade só poderá participar o alumnado de bachalerato e ciclos formativos.

#### Base 5.-Desenvolvemento do concurso

Poderán participar neste concurso os alumnos e alumnas dos centros de ensino non universitario do Concello de Ferrol e daqueles centros da comarca que forman parte da CENL, sempre que estean matriculados nalgún dos cursos correspondentes ás distintas categorías establecidas neste certame.

Os alumnos e alumnas que desexen participar no concurso entregaránlle os seus traballos no seu centro educativo ó profesorado encargado do certame e será o propio centro quen seleccione e quen decida cales se presentarán no concurso.

Os traballos seleccionados en cada centro educativo deberán remitirse ó Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ferrol, a través do Portal do Cidadán na Sede Electrónica do Concello <https://www.ferrol.gal/Sede> ou ben presencialmente a través do Rexistro Xeral do Concello ou a través das restantes oficinas ás que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

- No suposto de que os traballos seleccionados se presenten a través do rexistro electrónico:

Por cada traballo presentado adxuntaranse dous arquivos (un en formato PDF e outro en formato editable) e neles NON poden figurar os datos das persoas autoras dos textos.

Ademais, deberá adxuntarse un arquivo á parte cos datos das persoas autoras dos textos presentados, no cal debe figurar unha relación cos seguintes datos:

- Nome e apelidos do/a participante.
- Identificación do traballo (título ou primeiro verso).
- O curso no que está matriculado a persoa participante e o centro de ensino.
- O profesor ou profesora responsable da actividade no centro.

- No suposto de que os traballos seleccionados se presenten presencialmente a través do Rexistro Xeral do Concello, farase en sobre pechado no cal debe constar o texto Certame Literario Carmela Loureiro, así como o nome do centro educativo. Este sobre deberá conter os traballos seleccionados nos cales NON poden figurar os datos das persoas autoras dos textos.

Ademais, deberase presentar outro sobre pechado no cal debe constar tamén o texto Certame Literario Carmela Loureiro, así como o nome do centro educativo, e que deberá conter unha relación das persoas autoras dos textos presentados cos seguintes datos:

- Nome e apelidos do/a participante.
- Identificación do traballo (título ou primeiro verso).
- O curso no que está matriculado a persoa participante e o centro de ensino.
- O profesor ou profesora responsable da actividade no centro.

Cada centro poderá presentar UNICAMENTE dous textos por cada categoría en cada modalidade. Aqueles centros que remitan máis textos seleccionados que os indicados nestas bases quedarán excluídos da correspondente modalidade.

#### **Base 6.-Prazo para a entrega dos traballos**

30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de conformidade co procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non se admitirá ningún texto en ningunha das tres modalidades enviado fóra de prazo e, en xeral, ningún texto que non cumpra as condicións recollidas nestas bases.

#### **Base 7.-Xurado**

O xurado encargado da valoración dos traballos presentados estará composto por:

Presidencia: a concelleira delegada da área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística ou concelleiro/a no/na que delegue.

Vogais:

- Un/unha representante da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra (CENL).
- Dous alumnos ou alumnas dos centros participantes propostos pola CENL.
- Unha persoa destacada do mundo da literatura ou da lingua.

Secretario/a: Un/unha funcionario/a do Servizo de Normalización Lingüística.

O xurado ditaminará sobre o concurso de xeito inapelable e poderá declarar os premios desertos, así como resolver cantas dúbidas xurdan. Así mesmo, se a calidade dos traballos o aconsella, poderán concederse os accésits que o xurado estime conveniente.

Trala valoración dos traballos, o xurado formulará unha proposta de resolución de concesión dos premios á concelleira delegada da área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, que é o órgano competente para a súa concesión.

A resolución de concesión coa relación das persoas premiadas nas distintas modalidades e categorías publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ferrol na web [www.ferrol.gal](http://www.ferrol.gal), así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

#### **Base 8.-Valoración dos traballos**

Os traballos presentados serán valorados polo xurado en base ós seguintes criterios: a orixinalidade, o correcto uso da lingua nos textos, a redacción e a riqueza léxica.

#### **Base 9.-Premios**

Outorgaranse os seguintes premios:

- Unha tablet para cada persoa premiada por cada categoría en cada unha das tres modalidades.
- Un eBook ou libro electrónico por cada accésit concedido nos supostos de que o xurado o estime conveniente.

Os gastos derivados destes premios imputaranse con cargo ó presuposto municipal na aplicación 01103-9205-48000.

Os traballos premiados quedarán en posesión do Concello de Ferrol que poderá utilízalos en calquera momento cando sexa necesario.

O Concello de Ferrol editará en papel e en formato dixital os traballos premiados e todos ou parte dos traballos presentados.

**Base 10.-Compatibilidade dos premios e o acto de entrega**

Os presentes premios son compatibles con calquera outro premio que puidesen recibir as persoas premiadas en concursos distintos a este.

As persoas premiadas recollerán os seus premios nunha cerimonia de entrega e poderán ser obxecto de reportaxes fotográficas que se fagan do evento.

**Base 11.-Protección de datos**

Os datos de carácter persoal dos alumnos e alumnas participantes no concurso quedarán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de facilitar a xestión no desenvolvemento do concurso, en cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei mediante un escrito dirixido ó Concello de Ferrol, Praza de Armas s/n, 15402.

**Base 12.-Recursos e impugnacións**

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán ser impugnados polos interesados nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**Disposición final**

A participación no concurso supón a aceptación íntegra do contido destas bases reguladoras.

Será de aplicación, en todo aquilo que non se regulase nestas bases, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP n.º 200, de data 21/10/2019) e, no seu defecto, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE n.º 276, do 18 de novembro de 2003), a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño de 2007), o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (BOE n.º 176, do 25 de xullo de 2006) e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 16 de febreiro de 2022.

A concelleira delegada da área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, Cristina Prados Rubio (por delegación, resolución da Alcaldía de data 08/07/2019, BOP da Coruña n.º 137, do 22/07/2019).

2022/829